

Toponimia de Negros

Cora Represas



CONCELLO DE
REDONDELA

Impresión: Imprenta Amador Pérez.
Diseño e maquetación: David Rodríguez.
Edita: Concello de Redondela.

Dep. Legal: PO118-2022

*O material toponímico da parroquia de Negros
recolleuno a cooperativa redondelá Tres Pés.*

*Este libro publícase grazas á subvención
dirixida aos concellos para as actividades de
dinamización da lingua galega do ano 2021,
convocada pola Deputación de Pontevedra.*



CONCELLO DE
REDONDELA



SCRIBO e a Plurim e Basión Linaria e va
CORPUS AU CU UNDEORRON

TOPONIMIA DE NEGROS



CORA REPRESAS

Prólogo

Galicia é un dos territorios con maior densidade toponímica de Europa. Este dato explícase pola orografía do terreo, o minifundismo e a súa dispersa ocupación humana.

A documentación da microtoponimia, como paso previo para a protección e conservación deste patrimonio inmaterial, é unha urxencia. Hai topónimos antiquísimos, con moitos séculos de existencia, que aínda viven na fala e toman forma na lingua galega.

Por esta causa, o Concello de Redondela deseñou un ambicioso proxecto para cumprir con este fin. Unha das liñas de actuación foi a recollida e publicación en formato libro da microtoponimia parroquia a parroquia. Este é o resultado.

O Concello de Redondela agradece o traballo dos axentes que participaron. Desexamos ter contribuído a salvagardar un anaco da nosa cultura e da nosa memoria popular.

Redondela, 2022

Orográficos

Buraco, O

A forma *buraco* ten unha orixe prerromana indoeuropea. Trátase dunha das palabras máis antigas no noso idioma. En Galiza deu numerosos microtopónimos, tamén en forma diminutiva, *Buraquiño*.

O substantivo *buraco* refire unha cavidade ou desigualdade no terreo. Pero tamén pode ter relación coa abertura que atravesa algo dun a deloutro lado.

Nesta parroquia redondelá podemos distinguir **O Buraco do Barro**, situado no propio barrio de Negros.

Cachada, A

O nome de **A Cachada** provén do verbo *cachar* (*CASCULARE “romper”). A súa orixe está relacionada coa necesidade orixinada dende a Alta Idade Media de aumentar as terras que eran destinadas ao cultivo. Deste xeito era necesario rozar ou cachar a vexetación dos montes e matorrais que na parroquia de Santo Estevo de Negros deron lugar aos derivados **As Cacharelas** ou **As Cachadiñas**.

Campo, O

O substantivo *campo* (do latín CAMPUM) a miúdo designa na toponimia un espazo amplo de terreo máis ou menos plano onde non hai vivendas e que en xeral se pode dedicar ao cultivo.

Na parroquia de Santo Estevo de Negros podemos distinguir diferentes topónimos que empregan o substantivo campo seguido dun complemento de nome: rexistrados no Catastro de Ensenada (1756) podemos atopar **O Campo Grande** como “*O Campo Grande*”, **O Campo do Río** como “*Campo do Río*” ou **O Campo da Figueira** como “*O Campo de Figueira*”.

De creación máis recente temos **O Campo do Triscallo**, **O Campo de Abaixo**, o **Campo de Lucía**, **O Campo de Mera** e, por último, **O Campo de Regueiro**.

Cabe mencionar ademais que temos a forma diminutiva **O Campiño** no barrio de Pregal de Arriba documentada dende 1756 no catastro de Ensenada.

Canteira, A

Procede dunha antiga forma preindoeuropea *cant*, “pedra, rocha” da que derivaría *canteira*. Como é obvio, refírese ao lugar do que se extrae a pedra.

Cavadiñas, As

É unha forma do participio do verbo cavar (do latín CAVARE, que á súa vez deriva de CAVUS, “oco”). Con este nome désígnase unha terra roturada; é dicir, un terreo gañado ao monte para o seu cultivo.

As Cavadiñas xa o podemos atopar no catastro de Ensenada como “*A Cavadiña*” en singular. No *Memorial cobrador de rentas para 1721* recóllese este topónimo coa forma “*Cabadiñas*”.

Como segundo formante do topónimo distinguímolos en **Lugar das Cavadas** que se rexistra no Catastro de Ensenada como “*A Cavada*”.

Cocho, O

O substantivo *cocho* máis os seus derivados teñen moita presenza na toponimia galega sur-occidental. Ademais do comunmente coñe-

cido cocho como sinónimo de porco, tamén garda relación co verbo *acochar* co significado de *abrigo*.

Agora ben, neste caso é probable que designe un anaco de terra con linde a un paso común tal e como na fala oral fan emprego do termo cocho.

Na parroquia de Negros atopamos **O Cocho**. Con morfema plural **Os Cochos**.

Con morfemas derivativos e pechazón da vogal átona por asimilación o [i] tónico **Os Cuchiños** no Catastro de Ensenada (1756) como “*O Cochiño*”.

Con complementos de nome **O Cocho das Pedras**, **O Cocho de Martes** e **O Cocho de Miguel**. Este último aparece referenciado no *Memorial cobrador de rentas para 1721*.

Con complementos de nome e pechazón da vogal átona: **Os Cuchiños de Arriba** e **Os Cuchiños de Abaixo**. No citado *Memorial cobrador de rentas para 1721* recóllese a forma “*del cocho de abajo*”, unha terra aforada pola cal tiñan que pagar “*un ferrado y cuarto de trigo*”.

E como segundo formante do topónimo a **Fonte do Cocho** e **Veiga do Cocho**. En 1721, no documento que citamos anteriormente, contéplase o topónimo “del cocho daeira”, que non recollemos na actualidade.

Cortizos, Os

O substantivo *cortizo* procede do latín CORTICEU, derivado de CORTEX. Nalgunhas áreas de Galiza é a forma usada para referirse á sobreira. Pero tamén pode designar un recipiente feito de casca de sobreira (a cortiza) ou doutros materiais, onde habitan as abellas e no que fan a cera e o mel.

Na parroquia de Negros distinguimos o lexema con morfema plural **Os Cortizos**. É difícil distinguir a acepción que deu orixe a este topónimo.

Costa

A *costa* (do latín CŎSTA) refírese a un terreo en pendente ascendente a miúdo referidos a camiños e vías.

En Santo Estevo de Negros distínguense dous topónimos viais que conteñen este lexema: **O Camiño da Costa da Torre** que separa o lugar do **Señorito da Torre**, o **Camiño Costa Mouriño** e o **Camiño Costa Pregal**.

Coto, O / Cotarelo, O

O substantivo *coto* de orixe prerromana designa tanto “unha elevación do terreo” como a “parte máis alta dun monte que ten forma cónica”. É un microtopónimo moi frecuente en toda Galiza.

Na parroquia de Negros podemos distinguir o topónimo **Coto** sen complementos do nome nin sufixos derivativos, **Coto de Negros** rexistrado na fala oral tamén con gheada, **Coto do Corno** ou **Coto do Tarrelo**.

De por parte, o substantivo *cotarelo* ven significar un “pequeno outeiro máis ou menos agudo”. É un antigo diminutivo de *cótaro* “outeiriño agudo” que orixina na parroquia de Negros o topónimo O Cotarelo.

Coutada, A

O substantivo *coutada* vén do verbo *coutar*, a partir de *couto* (en latín CAUTU, “protexer, defender, coidar”). Un *couto* é un territorio afectado por determinados dereitos de propiedade ou xurisdición. Por tanto, **A Coutada** refírese a parcelas do monte que foron privatizadas e adoitan lindar co monte comunal.

Na parroquia de Negros actualmente distinguimos en función da formación do topónimo: **A Coutada**, o lexema sen sufixos derivativos nin modificadores, situada no Camiño da Chousa ao lado do Eido de Arriba. Xa aparece no rexistro do Catastro de 1756 como “*Coutada*”, sen artigo, unha terra de labradío secano. Coa utilización dun sufixo derivativo diminutivo podemos atopar **As Coutadiñas** que se rexistra dende 1756, pero en singular “*A Coutadiña*”. Seguramente a forma en plural se deba á partición da terra pero segue a referirse a unha único lugar.

Co emprego dun complemento do nome que indica a localización dos terreos: **Coutadas do Muíño do Medio** (no Catastro de Ensenada probablemente sexan as referenciadas como “*Coutadas do Medio*”),

entre o Camiño do Carrascal e o Camiño Cadeláns. **As Coutadas de Abaixo** enriba do Lugar da Lagoa e sobre a Coutada da Cachena. **As Coutadas do Galleiro** estremando con Cartas. **A Coutada de Testas** lindando cos Lagos. **As Coutadas da Pedra** referénciase no Catastro de Ensenada de 1756 como “*As Coutadas da Pena*” e localízase debaixo da **Coutada da Carreira**, estas últimas atopadas no lugar da Pena.

Cun complemento do nome que indica unha cualidade do terreo podemos achar **As Coutadas Novas** tamén na Pena e, baixo as Peniñas, **As Coutadas Dafora** referidas no Catastro de 1756 “*El Souto Deafuera*”.

Por último, cunha probable alusión aos donos das terras por medio dun alcume: **As Coutadas de Pichón** (que lindan con Cadeláns) e **As Coutadas da Cachena**. O segundo formante do topónimo, o adxectivo *cacheno* tal e como menciona o dicionario da Real Academia Galega, indica que lle falta un ou os dous cornos, que non ten dentes ou que é relativo á raza cachena; xa que logo, é moi probable que teña que ver cun dos donos ou con algún animal do dono da parcela.

Podemos distinguir tamén **A Coutada do Rei** máis coñecido como **Devesa do Rei**. A segunda parte do topónimo *do rei* usouse para denominar lugares de reguengo (no Antigo Réxime dependían do rei, isto é, que non estaban sometidos a señorío laico ou eclesiástico). Emporiso, tamén podería facer referencia ao apelido dun propietario posto que antigamente *Rei* era empregado para aqueles bautizados dos que se descoñecía o pai como *Dos Santos* ou *De Deus*.

A Coutada da Carreira distinguido no Catastro de Ensenada como “*A Coutada*”, **A Coutada do Estévez** (por un apelido), **A Coutada do Ramonciño**, **A Coutada de Nela** e **A Coutada da Santa**.

Coviña, A

O topónimo *cova*, máis os seus derivados, proceden do latín CAVAM que evolucionou ao latín hispano como CŎVA e remiten a unha concavidade orográfica do terreo.

Na parroquia de Negros sitúase **A Coviña** no barrio de Fixón, cun sufixo derivativo. E, co mesmo formante, no barrio de Negros, **A Coviña** documentado no Catastro de Ensenada como “*A Coviña*”.

Chan, A

O substantivo *chan* masculino ou feminino provén do latín PLANUM, PLANAM que no galego occidental deu nun mesmo resultado (chan) pero que no galego oriental se distingue (chan, chá).

Na toponimia galega atopámolo como un xenérico de uso común que ven denotar un terreo ou superficie sen desniveis.

A **Chan do Mangoeiro** no Catastro de Ensenada referenciado como “*Mangueiro*”, **A Chan do Outeiro**, **A Chan** (en 1756 como “El Chan”), **A Chan Longa**, **A Chan do Carrascal**, **A Chan do Hulleiro**, **A Chan de Penide**, **A Chan do Medio**, **Chan da Cruz** (ou **Cruz de Penide**), **O Chan das Herbas**, **A Chan** ou **Chan da Chapa**.

Devesa, A

O substantivo *devesa* procede do latín DEFENSA, participio do verbo DEFENDĒRE que significada “defender” ou “prohibir”. De aí que os lugares que se denominaban como *devesa* tiveran algún tipo de restrición. Dende o século XV moitas destas *devesas* pasaron a considerarse “do rei” por iso actualmente temos o topónimo **A Devesa do Rei** tamén coñecida como **A Coutada do Rei**. Son máis de 60 as localidades que recolle o Nomenclátor de Galiza.

Na parroquia de Negros podemos distinguir **A Devesa do Lago**, **A Devesa de Miróns** (no Catastro de Ensenada como “*A Devesa de Mirones*”) e **A Devesa de Berto**.

Eido, O

O substantivo común *eido* está recollido polo dicionario da Real Academia Gaelga como un “conxunto de terras que circundan unha casa” ou un “terreo cultivado que pode estar entre as terras que rodean unha casa ou non”.

Segundo o Nomenclátor da Xunta de Galicia son 50 os lugares que teñen no seu topónimo este nome ou derivados do mesmo, a maior parte deles rexistrados nas comarcas do Condado, Paradanta e Vigo.

Na parroquia de Negros distinguimos **O Eido de Arriba**, **Eido de Juaña**, **Eido de Marta**, **Eido da Chica**, **Eido Coteña**, **Eido Cagui-**

ña, **Eido Peregrina** (tamén coñecido como *Pelegrina*), **Eido do Sapo**, **Eido do Tene**, **Eido de Clara**, **Eido de Juana** e **O Eido do Rei**.

Como segunda parte do topónimo podemos atopar a **Veiga do Eido** e **Lugar do Eido Vello**.

Fixón

O topónimo *Fixón*, que dá nome a un barrio da parroquia de Negros, é un derivado de *foxo* (en latín FOVEU, “concaidade do terreo”). A aparición do [i] débese a unha alteración da vogal pretónica por contacto coa consoante palatal.

É posible que este topónimo se explique pola existencia dun foxo grande. Tamén se debe considerar a posibilidade de que a orixe sexa un foxo construído dedicado á caza do lobo, como sucede noutros topónimos existentes en Galiza.

No Catastro de Ensenada de 1756 *Fixón* aparece referida como terra de secano.

Granxa, A

O substantivo *granxa* ou *graña* pode referenciar tanto unha propiedade rural con casa, animais e todo o necesario para o traballo das terras como un sitio onde se crían animais para a súa explotación. Segundo o Nomenclátor de Galicia son máis de 80 as localidades que teñen no seu topónimo este lexema. Na parroquia de Negros distinguimos **A Granxa** no Barrio da Igrexa.

Herbal, O

O substantivo *herbal* derivado do lexema *herba* máis o sufixo abundantivo -al pode referir por extensión un terreo que produce abundante herba e mesmo tamén, terreos húmidos.

Na parroquia de Santo Estevo de Negros destaca **O Herbal** e **O Herbal da dicho**a (con vacilación na pronunciación como *bicho*a).

Hortiña, A

O substantivo común *horta* provén do latín HÖRTUM e referencia unha terra próxima á casa onde se cultivan diversos legumes, verduras e hortalizas.

En Santo Estevo de Negros, distinguimos dous topónimos como **A Hortiña**.

No barrio da Igrexa, xa rexistrados no Catastro de Ensenada (1756), un fronte o Quingueiro e o outro preto do Cocho. E no barrio de Pregal de Abaixo tamén **A Hortiña**, rexistrado no Catastro de Ensenada de 1756.

Lameira, A

O substantivo *lameira* (lugar con moita lama) é un derivado do nome *lama*, unha masa branda que se forma ao mesturarse terra, area, follas etc., con auga. Esta palabra, *lama*, ten orixe prerromana, característica do noroeste peninsular e que, segundo o Nomenclátor de Galiza, son derredor de 100 as localidades con este nome.

Na parroquia de Negros temos tres topónimos : **A Lameira**, rexistrado no Catastro de Ensenada como “*A Lameira*”. E, modificado por un complemento de nome que localiza o lugar, **A Lameira de Abaixo** e **A Lameira de Arriba**.

Laranxo, O

O topónimo **O Laranxo**, localizado no barrio de Fixón, aparece documentado no Catastro de Ensenada (1756) como “*Naranjo*”.

O laranxeiro é a árbore da froita *Citrus aurantium*. O nome de laranxa (no galego normativo) procede do árabe *naranga*.

A forma habitual en galego deu laranxeira pero tamén se recolle o uso en masculino laranxeiro e coa variante en [n], como no caso do topónimo da veciña parroquia de Cabeiro.

Laxe, A

O substantivo común *laxe* é unha palabra de orixe prerromana que se incorporou ao latín como LAGĒNA. Segundo recolle o dicionario da Real Academia Galega é unha “pena de grandes dimensións e de

superficie lisa, que aflora nun terreo sen sobresaír del”. Son moitas as localidades na toponimia galega que empregan este lexema, tal e como recolle o Nomenclátor de Galiza son derredor das 140 localidades.

Na parroquia de Santo Estevo de Negros destacamos **A Laxe** que xa se rexistra no Catastro de Ensenada como “*As Laxes*”, situado no barrio de Pregal de Arriba.

Leira, A

O substantivo *leira* é de orixe prerromana, documentada en textos medievais como LAREA. Designa “un lugar estreito de regadío”. Segundo o Nomenclátor de Galiza son 25 os lugares cos seus derivados denominados como leira.

Na parroquia de Negros recóllese **A Leira Lonca** (con gheada –nc-) formada por un adxectivo cualificativo que referencia a forma alongada do terreo. Este fenómeno é frecuente cando despois da consoante nasal vén o /g/, e que no canto de se pronunciar como aspirada realízase como /k/.

No Catastro de Ensenada de 1756 aparece referenciado o lexema con morfema singular e plural, morfema derivativo diminutivo e sen modificadores: **A Leiriña e As Leiriñas**.

Tamén encontramos dous topónimos máis que veñen modificados polo lugar no que se atopan: **A Leiriña Norte e A Leiriña Sur**.

Minada, A

Minada é un derivado do xenérico *mina* (palabra de orixe celta MEIN incorporada dende o francés *mine*) que designa un tipo de escavación subterránea pola que se busca algún manancial.

En Negros son catro os topónimos que se rexistran: **A Minada** (tamén coñecida como **A Minada do Maestro**), **As Minadas**, **Mina de Teodora** e **Mina do Eido Rei**.

Mo, A

O substantivo *mó* do latín MÖLA dá como resultado no galego normativo *moa*, pero na franxa suroccidental tamén se rexistra o re-

sultado *mó* como en portugués. Na toponimia adoito se refire a elevacións ou prominencias do terreo.

En Santo Estevo de Negros podemos distinguir **A Mo**, xa documentada no Catastro de Ensenada como “*A Mo*”, e modificada por un complemento de nome que localiza o lugar **A Mo de Arriba**.

A mesma orixe toponímica ten o veciño concello de Mos.

Monte

O substantivo *monte* na toponimia garda dúas significacións diferentes. Por unha banda, pode referirse a unha elevación importante do terreo que acostuma estar cuberta de vexetación como toxos, silvas, árbores, etc. Por outra, relacionarse co aproveitamento agrícola das terras non cultivadas.

Na parroquia de Santo Estevo de Negros destacamos: **O Monte de Negros** recollido na fala oral con gheada, o **Monte do Castro**, o **Monte Penide**, o **Monte Veciñal** e o **Monte da Pedreira**.

Muralla, A

O substantivo *muralla* designa un muro alto defensivo e provén do latín MURUS (muro exterior) que orixinou en italiano *muraglia* e que nós incorporamos á nosa lingua como *muralla*. En Negros podemos atopar **A Muralla**.

Outeiro, O

O substantivo *outeiro* (do latín ALTUS>ALTARIUS) designa unha pequena elevación do terreo ou monte pequeno. Son moitas as localidades que recollen este lexema como topónimo: o Nomenclátor de Galiza recolle máis de 550.

Na parroquia de Negros podemos atopar **O Outeiro** no Barrio de Fixon, documentado no Catastro de Ensenada como “*O Outeiro*”. Malia que tamén se distinguen dous topónimos con *outeiro* no barrio de Pregal de Arriba: **O Outeiro** no Camiño da Lameira, e **O Outeiro**, tamén documentado dende 1756 como “*O Outeiro*”, enriba do túnel do tren.

Patelo, O

O substantivo *patelo* de nome científico *Ranunculus repens* designa unha planta vivaz da familia das ranunculáceas, de follas escuras divididas en tres ou cinco lobos e flores amarelas, que florece de abril a xuño en lugares húmidos e sombrizos.

Na parroquia de Negros podemos atopar **O Patelo**, lindando co Laranxo, documentado no Catastro de Ensenada (1756) como “O *Patelo*”.

Cualificado por un complemento de nome que indica onde se sitúa podemos distinguir: **O Patelo de Abaixo**, **O patelo do Medio** e **O Patelo de Arriba**. Todos esten topónimos localízanse no barrio de Fixón.

En canto ao barrio da Igrexa encontramos a forma diminutiva **As Pateliñas**.

Pedra, A / Pedreira, A

O substantivo *pedra* é un xenérico de uso común na toponimia e microtoponimia galega. Procede do latín PETRAM.

Neste caso sería empregado para o chamamento dunha pedra individualizada como sinónimo de *pena* ou *penedo*. Na parroquia de Negros atópanse: **A Pedra de Armando**, **A Pedra do Pico**, **A Pedra dos Mouros**, e **A Pedra do Couto** no monte comunal dividindo Santo Estevo de San Vicente de Trasmañó.

En moitas ocasións estas *pedras* serviron de elementos de referencia pois servían de orientación e localización.

Así mesmo, tamén se rexistra como segundo termo do topónimo: **O Cocho das Pedras**, e como formantes dun topónimo vial o **Camiño de Eira Pedriña**.

En canto ao segundo caso o topónimo **A Pedreira** procede do latín PETRARIA (“lugar abundante en pedra”).

Quinta, A / Quinteiros, Os

O substantivo *quinta* é un topónimo numeral partitivo que na toponimia (así como tamén *Terzo*, -a e *Cuarto*, -a) alude á terra arrendada pola que se debía pagar un quinta do que producía.

Esta división parece ser frecuente no reparto das herdanzas durante a Idade Media aínda que algún autores tamén referencian un costume musulmán de repartir as terras conquistadas.

Na parroquia de Negros temos **A Quinta**.

Ademais, malia que remotamente emparentados *Quinteiro* (do latín QUINTANARIUM) posúe actualmente o significado de “espazo público entre edificacións” aínda que ben é certo, na toponimia en moitas ocasións está emparentado co apelido *Quinteiro*. No barrio de Negros témolo con morfema plural **Os Quinteiros**.

Penide

Este topónimo tan coñecido en Redondela procede de pena. En realidade trátase dun colectivo *PINNETA; ou sexa, unha variante de *Peneda*, que é outro topónimo ben coñecido neste municipio.

A alteración do sufixo *-eda* en *-ida* é moi frecuente na toponimia galega. Este cambio precede á apertura da última vogal.

Quiñón, O

O substantivo *quiñón* procede do latín QUINIO, “pedazo de boa terra preto dunha casa”. Pode, tamén, designar unha cantidade que corresponde a cada un dos que participan en determinadas reparticións, por exemplo os herdeiros dunha propiedade.

Na parroquia de Santo Estevo de Negros, xa documentado dende 1753 como “*Quiñon*”, temos **O Quiñón**.

Revolta, A

O substantivo *revolta* pode ter dúas orixes e significados diferentes. Por unha banda como sinónimo de *volta* máis un prefixo *-re* e viría designar curvas pronunciadas no camiño.

Por outra banda tamén podería ter relación con parcelas cultivables especialmente no monte. Moitas destas terras, que se lle gañaban ao monte, e que se diferenciaban das recolleitas principais porque nestas últimas se deixaba unha terra de barbeito, foron orixinadas xa na época medieval, algunhas outras en épocas máis tardías, pero en calquera caso explicaría a aparición no Catastro de Ensenada como “*A Revolta*”.

O Nomenclátor de Galiza recolle cerca de 50 localidades con este lexema no seu topónimo.

Roda, A / Redonda, A

O substantivo *roda* designa, tal e como nos refire o dicionario da Real Academia Gaelga, unha peza circular que xira ao redor dun eixe e que pode ser de diversos materiais e ter usos moi diversos. Xa que logo, é probable que este topónimo xurda da denominación dunha peza redonda.

Na parroquia de Negros cabe salientar **A Roda do Castro**, que como se indica está intimamente vencellada á existencia dun antigo castro situado na parte alta e que conforma un elemento distinguible da parroquia de Negros.

De por parte, o substantivo *redondo/a* provén do adxectivo latino ROTUNDUS, derivado de RŎTA (roda) e que en galego orixinou *redondo*. Na toponimia aplícase naquelas parcelas que teñen unha formación relativamente circular. Na parroquia de Negros podemos destacar por unha banda: **A Redonda** (xa documentado dende 1756) e con morfemas plurais **As Redondas**.

Serriñas, As

O substantivo *serra* é unha palabra común en galego que se refire a unha sucesión de montañas que recordan aos dentes da ferramenta que chamamos serra.

En Santo Estevo de Negros aparece co emprego dun sufixo derivativo diminutivo como é *-iña*, **As Serriñas**, e que parecera indicar ao tamaño.

Socalco

O substantivo *socalco* referencia unha terra de cultivo contida por un valado de pedra nun terreo moi pendente.

Na parroquia de Santo Estevo de Negros distínguese como o **Socalco do Pino**, situado no barrio de Pregal de Abaixo.

Torre, A

Unha *torre* é unha construción estreita e alta que xeralmente forma parte doutra máis ampla. Segundo o Nomenclátor de Galicia son máis de 200 as localidades que empregan este lexema no seu topónimo.

En Negros podemos destacar **As Torres**, no barrio de Pregal de Arriba, que se recolle no Catastro de Ensenada (1756) como “*As Torres*”.

Ademais tamén se atopan no barrio de A Igrexa os topónimos **A Torre do Crego** e **A Torre Longa**. En relación con eles aparecen **Fonte da Torre**, **Camiño Costa da Torre** e **A Poza da Torre**.

Túnel do Tren, O

O substantivo *túnel* (do francés antigo *tonnelle*) refire un paso subterráneo aberto co que se enlaza unha vía de comunicación.

Na parroquia de Santo Estevo de Negros podemos distinguir **O Túnel do Tren** que se converte nun dos topónimos máis novos creados a partir das obras do ferrocarril iniciadas neste século XXI.

Veiga, A

Veiga é un substantivo de orixe prerromana, compartida tamén polo portugués e español (*vega*) de significado orixinariamente hidronímico, que designa aquelas terras cultivadas situadas a carón dun curso de auga. Segundo o Nomenclátor de Galiza son 180 os lugares que teñen no seu núcleo *veiga* ou os seus derivados.

Na parroquia de Negros podemos atopar **A Veiga de Teodora**, **A Veiga do Cocho**, **A Veiga do Eido**, **A Veigadeira** formada pola síncope de *Veiga da Eira*, **A Veiga de Arriba**, **A Veiga da Mina** (recollida no Catastro de Ensenada como “*La veiga de arriba*”), **A veiga de Abaixo** (tamén no Catastro de 1756 como “*A Veiga davajo*”), **A Veiga da Mariñeira** e **A Veiga do Río**.

Viña, A / Viñal, O

O substantivo *viña* (do latín *VINĒA*) orixina tanto á planta coma ao terreo no que se cultiva. Segundo o Nomenclátor de Galiza os lugares que teñen este lexema de topónimo son derredor de 50.

Na parroquia de Negros atopamos tres: **A Viña do Adro**, **Viña Nova** e **Viña da Laxe**.

Ademais recóllese a forma **O Viñal**, composta polo sufixo derivativo colectivo *-al*. Este xa aparece no Catastro de Ensenada (1756) como “*O Viñal*”.

Vías

Camiños

No que atinxe á toponimia viaria, o substantivo camiño é o máis empregado. A meirande parte deles fórmanse polos lugares que circundan os camiños.

En Santo Estevo de Negros dispóñense os seguintes camiños:

Camiño A Dichoa, Camiño da Carreira, Camiño da Trigueira, Camiño de Fixón, Camiño do Carballo, Camiño do Patelo, Camiño do Eido do Rei, Camiño do Torreiro, Camiño dos Muíños, Camiño costa da Torre, Camiño da Igrexa, Camiño da Lameira, Camiño da Xirela, Camiño de Pregal, Camiño do Castañal, Camiño do Picasíño, Camiño do Seixo, Camiño Veiga do Eido, Camiño da Minada, Camiño de Güelas, Camiño de Negros, Camiño da Coutada Nova, Camiño da Coutada Santa, Camiño das Barreiras, Camiño do Carrascal, Camiño do Pereiro, Camiño Landín, Camiño da Gaiosa, Camiño dos Quinteiros, Camiño do Crego, Camiño da Chapa, Camiño da Peregrina, Camiño das Regueiras, Camiño de Agrochán, Camiño de Eira Pedriña, Camiño de Magariños, Camiño do Viñal, Camiño Vello, Camiño de A Sapal, Camiño Costa Mouriño, Camiño Figueira e Camiño do Quirillos.

Carreira, A

A *carreira* é un substantivo común que determina un camiño, a miúdo estreito. Deriva do substantivo *carro*, e mantén a relación con este ao se usar inicialmente co significado de ser “camiño apto para carros”.

Na parroquia de Negros distinguimos **A Carreira** (no Catastro de 1756 como “*Carreira*”) nos barrios de Negros, Fixón e Pregal.

Carreiro, O

Un *carreiro* é un camiño estreito que se fai ao andar por el, que só serve para pasar a pé.

Na parroquia de Negros podemos distinguir **O Carreiro da Chapa** e **O Carreiro da Peregrina**. Ambos están no barrio de Pregal de Arriba.

Cruce da Mesa

O substantivo *cruce* no galego normativo sería *cruzamento* e indica unha intersección á que chegan varios camiños. O mesmo que acontece co topónimo *curva*, cando chama a atención por algunha cualidade, individualízase.

Podemos distinguir na parroquia de Santo Estevo de Negros o **Cruce da Mesa**.

Curva, A

Unha *curva* é aquilo que cambia de dirección sen vértices nin arestas. Na toponimia cando son amplas ou pronunciadas adoitan ter nomes propios que as individualizan.

En Negros podemos salientar xa que logo **A Curva da Patoucha**.

Estrada de Negros

As *estradas* son vías construídas para a circulación de vehículos. Podemos distinguir na parroquia de Santo Estevo de Negros a **Estrada de Negros**.

Marco da Legua

O substantivo *marco* refire aquelas pedras que se cravan no chan para delimitar as propiedades dunha terra. Na parroquia de Negros podemos atopar o **Marco da Legua** (tamén con gheada e apertura da vogal tónica *Leghoa*) refírese a un manancial que estrema entre Cedeira e Negros.

Sendeiro de Miróns

O substantivo *sendeiro* é un sinónimo de *carreiro*, isto é: un camiño estreito que se fai ao andar por el, que só serve para pasar a pé.

En Negros actualmente temos **Sendeiro de Miróns** e que se dirixe ao lugar de Miróns. Este topónimo foi un antropónimo (nome de persoa) con uso frecuente na Alta Idade Media. A forma en plural parece indicarnos que o lugar tomou o nome de quen foron os seus propietarios.

Hidrónimos

Fonte, A

O substantivo común *fonte* é moi frecuente na toponimia galega. Na parroquia de Negros destacamos os seguintes nomes cualificados por un complemento do nome que sitúa o lugar no que se atopa:

Fonte do Muíño, Fonte do Río, Fonte do Souto, Fonte do Torreiro, Fonte da Rivas, Fonte da Torre, Fonte da Xirela, Fonte de Teodora, Fonte do Cocho, Fonte do Picasíño, Fonte do Seixo, A Fonte da Veiga na fala oral tamén con gheada, rexístrase no Catastro de Ensenada como *A Fonte da Veiga, A Fonte da Veiga de Arriba, A Fonte da Veiga de Abaixo, Fonte de Landín* rexistrada no 1756 como *Landín, Fonte do Cano* no Catastro de Ensenada como *Sitio do Cano* (do latín CANNU e refire unha condución da auga), **Fonte dos Quinteiros** e **A Fonte do Sapo** e por último **A Fonte da Revolta**.

Lagoa, A

A *lagoa* é o resultado do latín LACUNAM con moita presenza na toponimia galega. **A Lagoa, As Lagoas** referenciadas do mesmo xeito no Catastro de Ensenada “*A Lagoa*” e “*As Lagoas*”.

Por outra banda, cualificado por un nome **A Lagoa de Pedro Mor-to, Lagoa de Mouca** ou a **Lagoa da Quinta**. E, finalmente, **A Lagoa Grande** que a cualifica un adxectivo.

Na parroquia de Negros tamén temos un topónimo que emprega o substantivo *lago*, **Os Lagos**, que segundo o dicionario da Real Academia Galega é unha masa considerable de auga, de maior ou menor profundidade, rodeada de terra e non comunicada directamente co mar.

Lavadoiro

O substantivo *lavadoiro* designa a pedra plana á beira dun río que antigamente se usaba para lavar a roupa. Actualmente, alén dos lugares que conservan estes lavadoiros, estendeu o significado á pía na que se lava a roupa nunha vivenda.

Xa que logo, na parroquia de Negros recóllese **Lavadoiro de Fixón, Lavadoiro do Cristo, Lavadoiro da Neta, Lavadoiro do Piñeiro, Lavadoiro da Revolta e Lavadoiro de Pregal**.

Levada, A

A *levada* é un sistema de condución da auga moi típico en Galicia. Trátase dunha canle inicialmente de rego que ten forma de “u”, é estreita para que a auga non padeza evaporacións e cunha lixeira pendente, que desviaría o curso do río ou do regueiro para conducilo cara a un muíño ou a unha finca.

Na parroquia de Negros podemos atopar dous topónimos como **A Levada**, ambos os dous na oralidade tamén con pronuncia labializada *lovada* e rexistrados no Catastro de Ensenada de 1756. Un deles conducía a auga do Maceiras cara ao muíño de Cedeira e o outro sitúase no Río A Sapal.

Ponte, A

O substantivo *ponte* fai referencia a unha construción que se fai sobre os ríos, foxos etc. para unir os dous lados e poder atravesalos. Son máis de 300 as localidades que empregan este lexema como formante do seu topónimo.

En Santo Estevo de Negros podemos atopar **A Ponte, A Ponte da Veiguiña** (no Catastro de Ensenada como “*Ponte da Veiga*”), **Ponte de Rial, Ponte de San Domingos, Ponte no Rego da Neta, Ponte da Mo, Ponte da Lama, Ponte de A Sapal, Ponte do Vixario e A Ponte de Pregal.**

Poza, A

Pozo (do latín PUTEUM) ou en feminino *poza*, designa un lugar cóncavo cheo de auga. Son moitos os lugares na parroquia de Negros que teñen o substantivo *pozo, poza* como lexema principal e/ou parte do topónimo. Na meirande parte dos casos veñen modificados por un complemento do nome que sitúa ben o lugar no que se atopan, ben a un propietario.

Poza de Fixón, A Poza de Teodora, A Poza da Torre, As Pozas das Pedras Grandes, A Poza do Chiqueiro, A Poza do Cuchapel, A Poza dos Meixoeiros, A Poza da Pica Morena, A Poza de Agrochan, A Poza do Campo Río, Poza do Vello, Poza de Cadeláns, A Poza da Mo, A poza do Pato, A Poza de Mourán documéntase o segundo termo do topónimo *mourán* no Catastro de 1756 como unha terra de regadío. Na **Poza da Quinta** o substantivo *quinta* é un topónimo numeral partitivo que na toponimia alude á terra arrendada pola que se debía pagar un quinto do que producía. Esta división parece ser frecuente no reparto das herdanzas durante a Idade Media aínda que algún autores tamén referencian un costume musulmán de repartir as terras conquistadas.

E por último, a **Poza da Grela**, a segunda parte do topónimo *grela*, provén de *agrela*; un diminutivo de *agra* que se emprega para aquelas grandes extensións de terra de cultivo dividida en leiras ou agros pertencentes a distintos donos. Segundo sinala Gonzalo Navaza en *A toponimia de Catoira* o a- inicial do nome *agrela* amalgama ao artigo feminino a o que orixina o topónimo A grela sen a presenza do primeiro a- do lexema e que neste caso como identificador dun lugar “A Grela”

Presa de Liufrepo, A

O substantivo *presa* está emparentado co participio preso e designa pequenos encoros nun curso fluvial. Na parroquia de Negros podemos distinguir **A presa de Liufrepo**.

Debemos tamén considerar a posibilidade de que *Liufrepo* sexa unha alteración de *Liufre*, que parece o xenitivo dun nome persoal medieval *Leovulfus*, de orixe xermánica. Pero para isto precisamos atopar testemuños escritos que así o acrediten.

Rego do Ferreiro, O

O substantivo *rego* refire lugares onde hai ou houbo un suco natural de auga.

Podemos distinguir, xa documentado no Catastro de Ensenada (1756) o “*Rego do Ferreiro*”, actualmente tamén **O Rego do Ferreiro**.

Regueiras, As

O substantivo *regueira* designa, segundo o dicionario da Real Academia Galega, unha canle por onde baixa un rego de auga ou mesmo un rego de auga.

Na parroquia de Negros podemos distinguir documentados dende 1756 dous topónimos rexistrados co mesmo nome “*As Regueiras*” no barrio Pregal de Arriba.

Regueiro, O

O substantivo *regueiro* designa, segundo o dicionario da Real Academia Galega, un curso de auga pouco abundante, menor ca o río e maior ca o regato.

Na parroquia de Negros podemos distinguir **O Regueiro**, documentado no Catastro de Ensenada (1756) co mesmo nome “*O Regueiro*”.

Rial

O substantivo *rial* está emparentado con río e é moi frecuente na toponimia galega. Son máis de 70 as localidades que conteñen no seu lexema este substantivo na toponimia galega.

Na parroquia de Negros podemos distinguir o topónimo **Rial** que na fala oral tamén se reproduce como real cunha asimilación do [i] ao [a] dando lugar a unha pronuncia [e] e que ademais coincide cun substantivo de uso habitual como é *real* dando lugar á equivocación.

Río

Os topónimos que fan referencia ás augas denomínanse hidrónimos e entre eles destaca a abundante presenza do substantivo *río* que asemade adoita constituír compostos. Na parroquia de Negros podemos atopar: **Río da Señora**, **Río da Veiguiña**, **Río do Mangoeiro** na fala oral con gheada mankoeiro, **Río de fixón**, **Río do Outeiro**, **Río Faríns**, **Río das Cavadas**, **Río de Güelas**, **Río de Xoán**, **Río do Señorito**, **Río de A Sapal**, **Río Maceiras**, **Entre os Ríos** documentado no Catastro de Ensenada 1756 e **O Longo do Río** (rexistrado no Catastro de 1756 como *O Longo do Río*).

O nome **A Sapal** procede de *sapo* ao que se lle engade o sufixo colectivo *-al*. Polo tanto, a información que nos ofrece é que neste río abundaban os sapos.

Sorrego

Trátase dun topónimo composto polo prefixo *so-* (do latín SUB) e do substantivo *rego*. Por tanto, este terreo sitúase baixo un rego. No Catastro de Ensenada (1756) xa aparece recollido como “O Sorrego”.

Tanque, O

O substantivo *tanque* (do latín TANCARE) refírese ben a un depósito capaz de gardar grandes cantidades de líquido que se situaban en numerosas ocasións nos montes onde había un nacemento de auga; ou ben tamén un recipiente, xeralmente metálico, provisto dunha asa ou dun mango longo, que se usa para quitar auga dun recipiente maior.

Traída, A

O substantivo feminino *traída*, tal e como recolle o dicionario da Real Academia Gaelga, designa un “conxunto de instalacións (tubos,

bombas etc.) por medio das cales se trae a auga dun lugar a outro, en particular aquelas que aseguran o abastecemento da auga potable dende un manancial ás vivendas”.

En Negros podemos atopar un topónimo referido como **A Traída**, que marca o linde entre os barrios de A Igrexa e Negros.

Botánicos e zoolóxicos

Carballo, O

O *carballo* de nome científico *Quercus robur* designa unha especie arbórea moi común na flora galega. É unha árbore caducifolia da familia das fagáceas, de gran tamaño, coas follas glabras con lobos e que ten como froito a landra sobre un longo pedúnculo. Antigamente, até que as actividades de produción introduciron outras especies, o carballo era a especie principal; tanto é así que o Nomenclátor de Galicia recolle máis de catrocentas localidades que teñen no seu topónimo este lexema ou os seus derivados.

En Negros distínguese **O Carballo**, no Catastro de Ensenada (1756) tamén como “*O Carballo*”, modificados por un complemento de nome que sitúa ao lugar: **O Carballo de Arriba** e **O Carballo de Abaixo**. Con toda probabilidade, como indica a fonte de 1756, o lugar só fose coñecido pola forma en singular.

Castañal, O

Castañal é un substantivo derivado do nome castaña que ten orixe no latín CASTANEAM e que, mediante o sufixo colectivo *-al* (do latín *-ALE*), forma *castañal* para designar un lugar poboado de castiñeiros, tamén coñecido como souto.

Na parroquia de Santo Estevo de Negros temos **O Castañal** e os derivados **As Castiñeiras** (documentado dende 1756 no Catastro de Ensenada como “*As Castiñeiras*”), **As Castiñeiras de Acá** e **As Castiñeiras de Alá**.

Charroca, A

A orixe deste topónimo é incerta pero sospeitamos que teña orixe no nome da ave *charra* acompañada dun sufixo. Por tanto, o lugar sería frecuentado ou gardaría relación con este paxaro.

Figueira, A

O substantivo *figueira* provén do latín FICARIA (derivado de FILLICTUM, “fento”) e designa aquela árbore que dá figos. Segundo o Nomenclátor de Galiza son derredor de 50 as localidades que posúen este lexema no seu topónimo.

Na parroquia de Negros podemos atopar **A Figueira**, tamén coñecido como **As Figueiras** con morfema plural (na fala oral, como é propio desta área, con gheada), e o derivado **Da Figueiriña** tamén coñecida como **A da Figueiriña**, ambas no barrio de Pregal de Arriba.

Pereira, A

Na parroquia de Negros atopamos catro topónimos con este lexema: con morfema singular **A Pereira**, cun morfema plural **As Pereiras** (rexistrado dende 1756 como “*As Pereiras*”), **As Pereiriñas** co emprego dun sufixo derivativo diminutivo (documentado no Catastro de Ensenada en singular “*A Pereiriña*”), e por último cun modificador: **A Pereiriña da Esquina**, **A Pereira de Bajín** (na fala oral tamén sincopado: *A Preira de Bajín*). **A Pereiriña da Punta** e **A Pereiriña do Medio**.

Estes topónimos, moi concorridos na toponimia galega, son palabras homónimas. Isto é, supoñen diferentes significados dependendo daquilo ao que fagan referencia. Tanto pode aludir á árbore froiteira *pera* (do latín PIRA), como tamén un lugar cuberto de pedras (do latín PETRA). Ambos os dous lexemas *pera* e *pedra* nas palabras derivadas

evolucionaron ao galego como pereira, o aínda que tamén se emprega e se recolle para *pedra* o derivado *pedreira*, *pedreiro*.

Finalmente cabe destacar que na fala oral pode acontecer unha síncope da vogal pretónica “e” (fenómeno como **A Cruña** fronte **A Coruña**).

Piñeiro, O

O substantivo *piñeiro* (que designa unha árbore da familia das pináceas), xa se rexistra como topónimo “*O piñeiro*” no Catastro de Ensenada (1756) onde aludía a unhas terras de cultivo. Cabe mencionar que antes de que se expandira esta especie polos bosques galegos pola repoboación do século XVIII, o pino manso quedaba relegado a uns exemplares illados nun lugar. É por este motivo que xa se teña referencia en 1756 dun lugar nomeado **O Piñeiro** en singular e sen necesidade de cualificadores que especifiquen o substantivo.

Por outra parte convén lembrar que a forma galega é *piñeiro* fronte a pino malia que esta teña tamén presenza na toponimia galega (por exemplo, o Concello do Pino; ou máis cerca, en varios microtopónimos de Vigo) e na literatura galega (Queixumes dos pinos, de Eduardo Pondal) ou coma no Caso de Santo Estevo de Negros como derivado co sufixo colectivo –al ou –ar que forma o termo pinal que refire un bosque de piñeiros. Na parroquia de Negros destacamos **O Pinal**, documentado no Catastro de Ensenada como “*O Pinal*”, que designa un terreo plantado de piñeiros; e co emprego de modificadores: **O Pinal do Rei**, **O Pinal do Barroco**, **O Pinal da Ferriña** e **O Pinal do Turro**.

Pumar, O

O substantivo *pumar* (resultado da pechazón de *pomar*, que é o termo aceptado pola Real Academia Galega) vén do latín tardío POMAR, variante de POMALE (“verxel”).

Os topónimos que inclúen este nome adoito servían para designar lugares nos que había maceiras ou de xeito xenérico, árbores froiteiras. Neste caso **O Pumar**, situado no barrio de A Igrexa, xa se rexistra no Catastro de Ensenada da mesma maneira (“*O Pumar*”) no cal se produce unha pechazón do [o].

Nogueira, A

A *nogueira* (*Juglans regia*) é unha árbore da familia das xunglandáceas que ten como froito a noz. Antigamente, pese a non ser unha árbore da que houbese cuantiosas cantidades, era máis común do que o é a día de hoxe. E probablemente por este motivo de rareza son relativamente abundantes os topónimos con este lexema, sobre todo na Ría de Vigo.

Na parroquia de Negros recóllese **A Nogueira**, na fala oral con gheada, situada no barrio de Negros.

Seixo, O

O substantivo *seixo* refírese a unha “pedra dura de pequeno tamaño que a erosión a converteu en lisa e arredondada”. A palabra procede do latín SAXUM (“pedra de gran dureza”).

Na parroquia de Negros podemos atopar **O Seixo** xa documentado no Catastro de Ensenada (1756) como “O *Seixo*”, modificado por un complemento de nome en referencia ao lugar no que se atopa, **O Seixo de Arriba** e **O Seixo de Abaixo**.

Como segundo formante do topónimo aparece en **O tomo do Seixo**. O lexema tomo faría referencia a un libro de pergameo de gran tamaño que teñen as igrexas, conventos, mosteiros, municipios e outras comunidades, coas copias dos seus privilexios e das escrituras das súas propiedades.

Souto, O

O *souto* é o substantivo co que comunmente se coñece ao bosque dos castiñeiros. Así e todo, a súa orixe está no latín SALTU referido a un bosque mixto.

En Negros só aparece como segundo termo do topónimo en **Fonte do Souto**, **Pozas do Souto** e no **Cabo do Souto**. Este último formado co lexema cabo referencia o punto no que remata a localidade.

Toxal, O

O *toxo* é un arbusto espiñeiro da familia das leguminosas moi abundante na flora galega e característica do noroeste da península Ibérica. A súa orixe é prerromana e foi adoptada polo latín.

En Santo Estevo de Negros, no barrio da Igrexa, atopamos o lugar denominado como **O Toxal**, onde o sufixo –al ten significado de abundancia.

Xestal, O

Na parroquia de Negros no Barrio de Pregal de Arriba, atopamos o topónimo **O Xestal**.

Xestal é un substantivo colectivo derivado de xesta un lexema que provén do latín GENISTA e que designa un conxunto de arbustos leguminosos do xénero *Sarothamnus* moi comúns en Galicia. Emporiso, só son derredor de 30 as localidades que empregan este termo no seu topónimo.

Índice

Buraco, O:	p. 7.
Cachada, A:	p. 7.
Campo, O:	p. 8.
Canteira, A:	p. 8.
Cavadiñas, As:	p. 8.
Cocho, O:	p. 8.
Cortizos, Os:	p. 9.
Costa:	p. 9.
Coto, O / Cotarelo, O:	p. 10.
Coutada, A:	p. 10.
Coviña, A:	p. 11.
Chan, A:	p. 12.
Devesa, A:	p. 12.
Eido, O:	p. 12.
Fixón:	p. 13.
Granxa, A:	p. 13.
Herbal, O:	p. 13.
Hortiña, A:	p. 14.
Lameira, A:	p. 14.
Laranxo, O:	p. 14.

Laxe, A: p. 14.
Leira, A: p. 15.
Minada, A: p. 15.
Mo, A: p. 15.
Monte: p. 16.
Muralla, A: p. 16.
Outeiro, O: p. 16.
Patelo, O: p. 17.
Pedra, A / Pedreira, A: p. 17.
Quinta, A / Quinteiros, Os: p. 17.
Penide: p. 18.
Quiñón, O: p. 18.
Revolta, A: p. 18.
Roda, A / Redonda, A: p. 19.
Serriñas, As: p. 19.
Socalco: p. 19.
Torre, A: p. 20.
Túnel do Tren, O: p. 20.
Veiga, A: p. 20.
Viña, A / Viñal, O: p. 20.
Camiños: p. 23.
Carreira, A: p. 24.
Carreiro, O: p. 24.
Cruce da Mesa: p. 24.
Curva, A: p. 24.
Estrada de Negros: p. 24.
Marco da Legua: p. 25.
Sendeiro de Miróns: p. 25.
Fonte, A: p. 27.
Lagoa, A: p. 27.
Lavadoiro, lavadeiro de: p. 28.
Levada, A: p. 28.
Ponte, A: p. 28.
Poza, A: p. 29.
Presa de Liufrepo, A: p. 30.
Rego do Ferreiro, O:v

Regueiras, As: p. 30.
Regueiro, O: p. 30.
Rial: p. 30.
Río: p. 31.
Sorrego: p. 31.
Tanque, O: p. 31.
Traída, A: p. 31.
Carballo, O: p. 33.
Castañal, O: p. 33.
Charroca, A: p. 34.
Figueira, A: p. 34.
Pereira, A: p. 34.
Piñeiro, O: p. 35.
Pumar, O: p. 35.
Nogueira, A: p. 36.
Seixo, O: p. 36.
Souto, O: p. 36.
Toxal, O: p. 36.
Xestal, O: p. 37.



CONCELLO DE
REDONDELA